# Memoria Anual 2014




autismoGALICIA

# ÍNDICE

Carta do Presidente 3
1. Quen somos 4
1.1 En que cremos 5
1.2 Persoas con Trastornos do Espectro do Autismo 6
1.3 Órganos de goberno 9
1.4 Organización operativa 10
1.5 As nosas entidades 11
1.6 A entidade en números 12

2. Programas específicos: Apoio a persoas con TEA e familias 13
2.1 Programa de ocio e respiro familiar 14
2.2 Programa de inclusión social 15
2.3 Programa de apoio ás familias 16

3. Programas específicos: Accesibilidade 17
3.1 Comisión de Accesibilidade 18
3.2 Accesibilidade na contorna sanitaria 19
3.3 Accesibilidade na contorna social 20

4. Programas específicos: Formación e Emprego 21
4.1 Programa de Formación 22
4.2 Programa de Emprego 24

5. Programas específicos: Comunicación 26
5.1 Publicacións
5.2 Representación institucional
5.2.1 Representación ante Administracións Públicas 30
5.2.2 Representación ante entidades 31
5.3 Sensibilización 32
5.3.1 Actividades de sensibilización 33
5.4 Canles de comunicación 35
5.5 Impactos en medios de comunicación 37

6. Contas da Federación 38
6.1 Balance Anual 39

7. Impacto en Medios 42



# CARTA DO PRESIDENTE

Estimados compañeiros e amigos:

O 2014 foi un ano estraño, de transición e prudencia, dada a situación tan delicada e cambiante na que se atopaba a sociedade galega en xeral, e o Terceiro Sector Galego en particular. A pesar desas circunstancias, a Federación Autismo Galicia seguiu exercendo os seus deberes e actividades, aínda que é certo que todo o que fixo foi baixo o prisma conservador de non expoñerse nin xerar compromisos que "involucraran" o seu futuro nin os seus orzamentos, actuando de forma que toda a súa estrutura fose sostible no tempo.

Este ano houbo fitos importantes, tras analízalos, tivemos que establecer un posicionamento, como foi a nova Lei de Dereitos das Persoas con Discapacidade, a presentación no Congreso da Estratexia Nacional do Autismo, a posición do CERMI Nacional sobre a eliminación dos Centros de Educación Especial, a posición da Consellería de Traballo e Benestar sobre a financiación das Federacións pertencentes ó CERMI GALICIA, cuestión á que nos estamos enfrontando actualmente, etc.

Realizamos numerosas accións de formación interna e apoio a familias e de concienciación e comunicación xeral. Ademáis continuamos colaborando coa Consellería de Sanidade coa que realizamos programas de formación e sensibilización. Outro dos programas que foi e está sendo un éxito é o Proxecto de Accesibilidade Cognitiva que se está a desenvolver por toda a xeografía galega e ó que daremos continuidade no ano 2015.

O vindeiro ano 2015 será un ano de retos, ameazas e oportunidades. A nova do crecemento do presuposto da Consellería de Traballo e Benestar, a reordenación financieira do Terceiro Sector da Discapacidade, a Lei de Contratos para Prazas de Discapacidade e as súas cláusulas sociais, os novos programas que dende as distintas Consellerías queren impulsar, e outros máis, fan que o próximo ano se presente como ilusionante e interesante.

Dende a perspectiva interna teremos que afrontar a incorporación de novo persoal de xerencia e o desenvolvemento estratéxico da Federación, profesionalizando, máis se cabe, a súa xestión e tratando de establecer liñas estratéxicas sólidas e sostibles para afrontar os novos retos, neutralizar as posibles ameazas e aproveitar todas as oportunidades. Non quero, nesta carta, deixar de felicitar aos profesionais da Federación polo magnífico traballo que desenvolveron este ano, moitas veces con medios escasos e sen persoal específico de xerencia ou proxectos. Grazas de corazón pola vosa implicación, traballo, ilusión e dedicación.

Por todo iso, pídovos que continuedes prestando o voso apoio, compromiso e traballo en equipo coa Federación como canle de comunicación e posicionamento común, entidade de referencia a nivel de políticas sobre TEA e espazo de consenso, apoio mutuo e presión política. Con ese apoio e os medios que estamos poñendo, estou convencido que o ano 2015 e o 2016 serán recordados por dar un gran impulso, ademáis dun cambio estratéxico, tanto á Federación Autismo Galicia como ás políticas sobre TEA que actualmente manexan as Administracións Públicas e o Terceiro Sector da Discapacidade.

Unha forte aperta

Antonio de la Iglesia Soriano.









# 1. QUEN SOMOS

Autismo Galicia nace no ano 1995 como unha Federación que engloba ás entidades de pais, nais, titores e de profesionais, protectoras de persoas con Trastornos do Espectro do Autismo da Comunidade Autónoma de Galicia.

É unha entidade privada, sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co número 95, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais con número de inscrición E-0948, declarada de utilidade pública por Resolución do 18 de febreiro de 2003 e acollida ó réxime fiscal das entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado regulado na Lei 49/2002 de 23 de decembro.

Autismo Galicia apóiase en financiadores públicos e privados e axusta o control destes fondos ao disposto na Lei de Mecenado (49/2002). As contas da Federación Autismo Galicia publícanse anualmente e están dispoñibles para a súa consulta na páxina web (www.autismogalicia.org) na sección de transparencia.

A Federación Autismo Galicia é unha organización sostible social e economicamente que garante ós seus destinatarios unha carteira integral de servizos especializados e cohesionada en torno a un modelo de calidade de vida e unha xestión asentada en valores compartidos.

# 1.1. EN QUE CREMOS

*"PROMOVER A INTEGRACIÓN SOCIAL DAS PERSOAS CON AUTISMO"*

## Misión

Mellorar a calidade de vida das persoas con Trastornos do Espectro do Autismo (TEA) e as súas familias, a través dunha carteira integral de servizos específicos e un modelo de calidade de vida e valores compartidos.

## Visión

Autismo Galicia traballa polas persoas con autismo en accións directas e a través da colaboración estreita coas entidades que forman a Federación e desenvolven o seu labor coas persoas con TEA e as súas familias.

## Valores

* Consideración da persoa con TEA como suxeito con dereitos e deberes en igualdade de condicións ao resto das persoas.
* Máxima calidade nas entidades e servizos.
* Importancia da familia en todos os programas orientados á intervención coas persoas con TEA.
* Colaboración entre profesionais e familias para un funcionamento eficiente e de calidade das entidades.

## Fins

* Servir de nexo de unión entre as distintas entidades e organizacións membro.
* Defender a dignidade e os dereitos das persoas con autismo.
* Coordinar accións para a obtención de recursos a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia, das Comunidades Europeas e doutros organismos estatais ou internacionais que redunden en beneficio das entidades e organizacións membro.
* Promover a integración social e a normalización das persoas con autismo.
* Fomentar actitudes sociais positivas cara ás persoas con autismo.
* Crear as condicións para que as asociacións membro poidan desenvolver servizos e programas que melloren a calidade de vida das persoas con autismo e as súas familias.
* Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo con criterios de solidariedade, promovendo unha imaxe común da Federación.
* Ofrecer ás entidades membro servizos de asesoramento e desenvolver programas de formación para técnicos e familias.

# 1.2 PERSOAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO

## DEFINICIÓN

O autismo é un trastorno de neurodesenvolvemento, de orixe neurobiolóxica, que adoita identificarse durante os dous primeiros anos de vida da persoa que o presenta. Caracterízase por alteracións na interacción social, na comunicación verbal e non verbal e a presenza de patróns restritivos e repetitivos de conduta. Forma parte dos trastornos do espectro do autismo (TEA), un conxunto de trastornos complexos que afectan ó desenvolvemento do sistema nervioso e ó funcionamento cerebral, especialmente nos aspectos relacionados co procesamento da información que provén dos estímulos sociais.

Falamos dun espectro de trastornos pola gran heteroxeneidade dos síntomas, graos de afectación e necesidades das persoas que os presentan. Dentro deste espectro atópanse o autismo clásico, a Síndrome de Asperger, a Síndrome de Rett, o Trastorno Desintegrativo Infantil e o Trastorno Xeral do Desenvolvemento non especificado; cada un deles cunhas características específicas.

## CAUSAS

Na actualidade non é posible determinar unha causa única que provoque a aparición dos TEA, pero si a forte implicación xenética na súa orixe. A gran variabilidade presente neste tipo de trastornos apunta tamén á relevancia que pode ter a interacción entre os distintos xenes e diferentes factores ambientais no desenvolvemento dos TEA. Mais polo momento, estes elementos non están claramente identificados e aínda é necesaria moita investigación ó respecto.

## INTERVENCIÓN E TRATAMENTO

Polo momento non existe ningunha cura para os TEA. Sen embargo, existen factores que van influír de maneira significativa no desenvolvemento da persoa que os presenta e na súa calidade de vida. É fundamental que o diagnóstico se realice de maneira precoz e que o neno ou nena reciba unha axeitada atención temperá. Tamén é fundamental que os recursos educativos e comunitarios sexan os axeitados ás súas necesidades individuais e que dispoña dunha rede de apoio que facilite a súa participación social.

Ademais, é imprescindible sinalar que a persoa con TEA segue desenvolvéndose e aprendendo ó longo de toda a súa vida. As características que definen ós TEA non desaparecen ó chegar á vida adulta, aínda que as necesidades si van cambiando co tempo.

Así, a calidade de vida da persoa e a da súa familia vai estar influída polas posibilidades de acceder ás intervencións e apoios axeitados, que se adapten ás súas necesidades individuais e que maximicen as súas oportunidades de aprendizaxe, de inclusión social e de desenvolvemento persoal, mantendo todos estes elementos ó longo da vida.

# 1.2 PERSOAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO

Actualmente non existe ningún marcador biolóxico recoñecido que permita o diagnóstico dos TEA. Este realízase en base a diferentes indicadores no desenvolvemento da persoa que apuntan a unha alteración no mesmo, así como a unha avaliación específica da súa conduta.

As manifestacións clínicas dos TEA poden variar enormemente entre as persoas que os presentan, así como as súas habilidades intelectuais, dende a discapacidade intelectual a capacidades intelectuais situadas no rango medio ou superiores ó mesmo. As principais alteracións que presentan estas persoas están vinculadas ós seguintes ámbitos:

### INTERACCIÓN SOCIAL

* Illamento ou pasividade social
* Dificultades na capacidade empática
* Dificultades na capacidade de comprensión en canto a regras sociais e de comportamento
* Comportamento social pouco apropiado.
* Incapacidade para compartir emocións e experiencias
* Incapacidade para establecer relacións afectivas
* Incapacidade para establecer relacións sociais cos iguais
* Ausencia de xogo social

### COMUNICACIÓN

* Carencia de intención comunicativa
* Contacto ocular alterado
* Alteración do ton, entoación e ritmo da linguaxe expresiva
* Mutismo ou ausencia parcial ou total de comunicación verbal
* Linguaxe ou temas de conversación repetitivos
* Inversión pronominal
* Dificultades para participar nos intercambios de palabra que se producen nunha conversa
* Dificultades para formalizar conceptos abstractos. Dificultades na linguaxe

### REPERTORIO RESTRINXIDO ESTEREOTIPADO DE ACTIVIDADES E INTERESES

* Resistencia ó cambio, amosando reaccións de ansiedade ante cambios ambientais, situacións novas e imprevistas
* Resistencia a implicarse en tarefas ou actividades novas
* Patróns de conduta repetitivos e rituais
* Severas dificultades para entender as emocións e intencións dos demais
* Posibilidade de desenvolver intereses específicos, restrinxidos e estereotipados ou preocupacións por temas peculiares
* Capacidade imaxinativa severamente limitada
* Dificultade para predicir feitos, acontecementos ou actividades futuras

### SINTAMOLOXÍA ASOCIADA

* Discapacidade intelectual de leve a grave
* Epilepsia
* Hiperactividade
* Trastornos neurolóxicos, motrices ou sensoriais
* Alteracións condutuais
* Baixa tolerancia á frustración
* Trastornos do sono
* Trastornos de alimentación
* Ausencia de control de esfínteres
* Severas limitacións na área de autonomía persoal

# 1.2 PERSOAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO

## PREVALENZA E INTERVENCIÓN

Nos últimos anos constátase un aumento considerable dos casos detectados e diagnosticados de TEA. É posible que este incremento se deba a unha maior precisión dos procedementos e instrumentos de diagnóstico, á mellora no coñecemento e formación dos profesionais, ou mesmo a un aumento real da incidencia deste tipo de trastornos.




Estudos noutros países establecen a prevaleza de 25 persoas con TEA por cada 10.000 cidadáns adultos e **1 caso de TEA por cada 150 nenos en idades escolares**. Neles confírmase tamén que son máis frecuentes nos homes que nas mulleres (en proporción de 4:1) e que non existen diferenzas en canto a súa aparición nas distintas culturas ou clases sociais.

No caso de España, os estudos son escasos e limitados ó non existir unha rede de investigación consolidada e sostible a pesar de considerarse unha área fundamental para o avance no coñecemento dos TEA. Esta carencia provoca a falta de datos estatísticos fiables para planificar os servizos.

Se partimos da estimación de poboación **na Comunidade Autónoma** correspondente ó ano 2012 e aplicamos a taxa de prevaleza dos TEA internacionalmente aceptada, **1 de cada 150 persoas no rango de idade de 0 a 8 anos**, os datos estimativos serían:

**A Federación Autismo Galicia realizou no ano 2012 un estudo** preliminar sobre a prevaleza dos TEA en Galicia. Este estudo naceu coa intención de achegarnos ó número aproximado de persoas que, na nosa comunidade, teñen un diagnóstico de trastorno do espectro do autismo, coñecer a súa distribución xeográfica e aproximarnos ás necesidades de atención que precisan en función dos servizos que dispoñen, así como paliar a falta de información sobre a prevaleza real dos TEA e a súa incidencia na poboación galega, **datos** que son **fundamentais de cara a detectar, canto antes, ós/ás nenos/as que poidan estar afectados na procura dunha intervención precoz.**

| | |
|---|---|
| Poboación de Galicia | 2.781.498 |
| Nenas e nenos entre 0 e 8 anos | 195.803 |
| Nenas e nenos entre 0 e 8 anos susceptibles de presentar TEA | 1.305 |

# 1.3. ÓRGANOS DE GOBERNO

Os órganos de goberno da entidade asumen a responsabilidade e velan polo cumprimento dos fins establecidos.

Asemblea Xeral: é o máximo órgano de goberno da Federación e está formada por representantes de todas as entidades membro.

**PRESIDENTE**
Antonio de la Iglesia Soriano

**VICEPRESIDENTE**
Cipriano Luís Jiménez Casas

**SECRETARIO**
J. Manuel Varela Rodríguez

Consello Asesor: é un órgano consultivo formado por persoas cun profundo coñecemento dos TEA ou unha ampla experiencia no sector asociativo. Na actualidade está formado por:

**J. Antonio García Villar**
Ex-Presidente da Confederación Autismo España

**Manuel Ojea Rúa**
Doutor en Psicopedagoxía e investigador na Universidade de Vigo

A **Federación Autismo Galicia**, na Asamblea extraordinaria do 19 de xullo, procedeu á renovación da Xunta Directiva e á elección dos membros do Consello Asesor, tal e como recolle nos estatutos modificados no ano 2013.

# 1.4. ORGANIZACIÓN OPERATIVA




**XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN**

- Xestión económica financeira, provedores, tesourería,
- Xestión de documentación, medios materiais e actividade federativa
- Xestión de programas, convenios e subvencións, captación de fondos
- Calidade e fomento asociativo
- Recursos humanos

**EMPREGO E FORMACIÓN**

Programas específicos para a inclusión laboral das persoas con TEA :

- Formación
- Orientación
- Prospección

**PROGRAMAS**

Programas específicos para as persoas con TEA e as súas familias:

- Ocio
- Inclusión social
- Educación
- Respiro familiar
- Orientación
- Accesibilidade

**COMUNICACIÓN**

- Comunicación interna coas asociacións e grupos de interese
- Comunicación externa para favorecer a relación cos organismos que traballan pola investigación e o desenvolvemento.
- Promover a incidencia da Federación nos medios
- Poñer ó alcance da sociedade o coñecemento sobre o colectivo de atención

Para garantir a transparencia, a calidade no traballo e o respecto á normativa legal, Autismo Galicia traballa con consultores independentes como Algalia Sociedade Cooperativa, Verdía Asesores, C&M Avogados, Arcade Consultores e Miguel de la Calle Amaro. Ademais do control habitual por parte das administracións públicas, dende 2013 a entidade sométese a unha auditoría externa anual para dar conta do traballo realizado e o emprego dos fondos recibidos.

# 1.5. AS NOSAS ENTIDADES

Na actualidade, 11 entidades das catro provincias forman a Federación Autismo Galicia. Ademáis estas levan a cabo os seguintes proxectos:

## A CORUÑA

Asociación ASPANAES

Fundación Autismo Coruña



## LUGO

Asociación Capaces Lugo

## PONTEVEDRA

Fundación Menela

Asociación Autismo Vigo

Asociación APACAF

Asociación de Pais do Centro “Os Mecos”

Asociación de Pais do Centro EE Menela

Asociación de Pais do Centro Ocupacional Residencial Castro Navás

Fundación Tutelar Camiño do Miño

## OURENSE

Asociación de Familiares de Persoas con Trastornos da Comunicación Social de Ourense (TRASCOS)

## PROXECTOS DAS ASOCIACIÓNS

### PROXECTO FORMATIVO E DIVULGATIVO

- Escola de pais
- Talleres formativos
- Formación de profesionais do sector
- Capacitación de RRHH
- Divulgación TEA
- Investigación e colaboracións I+D

### PROXECTO SOCIAL

- Asociación
- Participación cidadá
- Voluntariado
- Comunicación

### PROXECTO ATENCIÓN ESPECIALIZADA

- Servizo de valoración, orientación e diagnose
- Servizos para a prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal
- Proxecto educativo: Centros de educación especial
- Proxecto vida adulta: Centros de día e centros residenciais

# 1.6. A ENTIDADE EN NÚMEROS




**883 BENEFICIARIOS** dos servizos da Federación

**2649 FAMILIARES** de persoas con TEA

**357 PERSOAS** que traballan para axudar ás persoas con TEA

2014

**INCREMENTO DE USUARIOS NUN 24%**

| BENEFICIARIOS DA FEDERACIÓN | PARTICIPANTES NOS SERVIZOS OFRECIDOS | TRABALLADORES DA FEDERACIÓN |
|---|---|---|
| Federación **52**<br>Aspanaes **363**<br>Autismo Coruña **363**<br>Apa CEE Menela **31**<br>Apa Castro Navás **49**<br>Apa Mecos **54**<br>APACAF **32**<br>Autismo Vigo **26**<br>Fundación Menela **89**<br>Fundación Tutelar **89**<br>Trascos **8**<br>Capaces **15** | Prazas de Atención Temperá **181**<br>Unidades Educativas **159**<br>Prazas en Servizo de Atención Diurna Terapéutica **111**<br>Prazas en Servizo de Atención Especial Residencial Terapéutica **114**<br>Servizo de Orientación, Valoración (13) **230**<br>Servizo de Ocio e Tempo Libre (13) **203**<br>Prazas Servizo Respiro Familiar **32** | Asociacións **351**<br>Federación **6** |

# 2. PROGRAMAS ESPECÍFICOS: DE APOIO A PERSOAS CON TEA E FAMILIAS







Mediante este Programa buscamos que as persoas con TEA teñan experiencias e actividades de ocio que satisfagan os seus gustos, intereses e inquietudes individuais e fomenten, ó mesmo tempo as actividades na vida comunitaria, desenvolvan ó máximo ás súas capacidade sociais e adquiran recursos para o seu desenvolvemento social e persoal, desenvolvendo capacidades para dar resposta ás necesidades que o seu contexto familiar manifesta.

Máis de **600** persoas beneficiáronse do Programa de ocio e respiro familiar

Este Programa orixínase na necesidade manifestada polas familias, directamente ou ben a través das súas asociacións de contar con servizos de apoio complementarios ós que xa prestan e dar cobertura á demanda de servizos adaptados de ocio para os nenos/as con TEA durante o período estival.

Este ano, ó igual que nos anteriores, optouse pola modalidade de subcontratación coas asociacións federadas de parte do programa, co obxecto de optimizar recursos e poder ofertar o servizo a un maior número de persoas.

# 2.1. PROGRAMA DE OCIO E RESPIRO FAMILIAR

O obxectivo deste Programa é que as persoas con TEA teñan experiencias e actividades de ocio que satisfagan os seus gustos, intereses e inquietudes e fomenten ó mesmo tempo as actividades na vida comunitaria.

## CAMPAMENTOS





**PRAZAS OFERTADAS**

**145**

**PRAZAS CUBERTAS**

**145**

## FINS DE SEMANA DE OCIO E TEMPO LIBRE





## ACTIVIDADES

As actividades levadas a cabo no campamento foron planificadas tendo en conta os gustos e intereses dos distintos participantes e a súa seguridade. Ademáis a selección das actividades de lecer realizouse de acordo ós seguintes criterios:

Actividades divertidas e de habilidades: talleres de cociña, postais, disfraces

Actividades sen barreiras e terapéuticas: montar a cabalo, piscina, praia, termas, terapia con asnos

Actividades de participación na comunidade: cafeterías, compras, exposicións, etc.

Sendeirismo e merendas campestres: catamarán pola Ribeira Sacra, visita a xardíns, etc.

## METODOLOXÍA

Mediante este servizo, tentouse dar resposta ás necesidades e demandas das persoas con TEA e das súas familias, pensando no descanso dós/ás coidadores/as principais e potenciando o desenvolvemento integral dos usuarios mediante a realización de actividades básicas da vida diaria, de habilidades sociais, de relación coa contorna natural, de actividades de lecer e tempo libre etc.

Duración do programa: do 1 de xaneiro ó 30 de setembro: 1.307 horas

Instalacións nas que se desenvolveu: Asociación ASPANAES, Asociación Apacaf, Albergue Fundación Ramón González Ferreiro e Asociación ANDREA, Camping de Baltar,Camping Ría de Arousa, Centro Castro Navás, Instalacións ASPAS

Valoración e resultados: segundo datos recollidos nas enquisas, as familias e as reunións do equipo de traballo; o resultado das experiencias desenvolvidas foi moi satisfactorio, tanto para os participantes como para as súas familias

# 2.2. PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

O obxectivo é que as persoas con TEA e as súas familias desenvolvan ó máximo as súas capacidades sociais e adquiran recursos para o seu desenvolvemento social e persoal.

**TALLERES E SAÍDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL NA COMUNIDADE**



**ASESORAMENTO A FAMILIAS PARA MELLORAR AS SÚAS CONDICIÓNS SOCIAIS E PARTICIPATIVAS**




**PERSOAS CON TEA BENEFICIARIAS**

**40**

**FAMILIAS BENEFICIARIAS**

**188**

## DESGLOSE

Actividades:

- Talleres e saídas de inclusión social na comunidade
- Asesoramento a familias para mellorar as súas condicións sociais e participativas

Duración do Programa: de xaneiro a novembro : 1.148 horas

Instalacións nas que se desenvolveu :

- Para as persoas con TEA: Vigo e Ourense en ambientes comunitarios
- Para as familias: Edificio CAMI en Vigo, Fundación Autismo Coruña, Centro da Asociación ASPANAES en Ferrol e Santiago de Compostela

Valoración e resultados: As actividades realizadas obtiveron os resultados previstos . Nelas traballouse fundamentalmente o comportamento e a integración sensorial coa contorna, para favorecer o benestar do participante e fomentando con iso a súa inclusión social. As familias que participaron nos talleres e sesións de asesoramento manifestaron ter alcanzado formación e información suficiente para dispoñer dos recursos que teñen por dereito.

# 2.3. PROGRAMA DE APOIO A FAMILIAS

O obxectivo deste Programa é que as familias das persoas con TEA desenvolvan capacidades para dar resposta ás necesidades que o seu contexto familiar manifesta.

ESCOLAS DE FAMILIAS

OBRADOIROS FORMATIVOS ESPECÍFICOS

INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN

**PRAZAS OFERTADAS: 229**

**PRAZAS CUBERTAS: 229**

## OBRADOIROS E ESCOLAS

- Obradoiro sobre o uso do Proxecto "Sígueme"
- Curso sobre intervención nos Trastornos do Espectro do Autismo
- Escola de familias: Como recibiches a diagnose
- Escola de familias: Obradoiro sobre as emocións nos TEA
- Escola de familias: Dereitos educativos dos nenos e nenas con TEA
- Escola de familias: Xornadas formativas para familias, asesoría e asistencia xurídica baixo demanda

## INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN

O Servizo de Información e Orientación fíxose principalmente sobre: Intervención temperá, terapias psicoeducativas, envellecemento, servizos e Trastornos de Conduta.

## METODOLOXÍA

Duración do Programa: os obradoiros e talleres desenvolvéronse de maio a novembro (28 horas) e o Servizo de Información realizouse de xaneiro a outubro (477 horas)

Instalacións nas que se desenvolveu :

- Obradoiros e escolas: Asociación Capaces Lugo e na asociación TRASCOS
- Información e orientación: Rúa Camino de la Iglesia, 40 baixo 15009, A Coruña

Valoración e resultados: A avaliación das familias en canto ós obradoiros e escolas foi moi positiva, xa que se basean dende o principio nas necesidades detectadas, reais e que lles afectan a todas de igual maneira. En canto ó Servizo de Información e Orientación todas as familias que acudiron obtiveron resposta a aqueles temas que lles afectaron e polos que solicitaron o servizo.

# 3. PROGRAMAS ESPECÍFICOS: ACCESIBILIDADE









O acceso ós ámbitos sociais nos que desenvolvemos a nosa vida non se atopa limitado soamente por barreiras físicas, senón psicolóxicas, culturais, informativas e comunicativas. Destes factores tan variados depende a accesibilidade. Segundo o concepto europeo, a accesibilidade é a condición que posibilita chegar, entrar, saír, empregar as casas, as tendas, os teatros, os parques ou os lugares de traballo, así como participar en actividades sociais e económicas.

Cando a interacción entre as persoas se ve dificultada por barreiras de actitude ou da contorna, falamos de falta de accesibilidade. Unha sociedade aberta e inclusiva debe modificar a súa contorna solidariamente para acoller ás persoas con discapacidade como parte enriquecedora da comunidade. Así se detalla na Convención Internacional dos Dereitos das Persoas con Discapacidade de Nacións Unidas, na Lei de Igualdade de Oportunidades, Non Discriminación e Accesibilidade Universal da Persoas con Discapacidade e, máis recentemente, na Lei Xeral dos Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social.

Unha das características nucleares dos TEA son as alteracións na linguaxe, o que interfire directamente na súa capacidade para interpretar e interactuar co mundo que os rodea. Esta carencia comunicativa pódese suplir con Sistemas Alternativos e Aumentativos da Comunicación. Grazas ó seu excelente pensamento visual, as persoas con TEA atopan un gran apoio no uso de imaxes, que lles permiten asimilar mellor a información. A experiencia demóstranos que os pictogramas son unha moi boa ferramenta para a comunicación coas persoas con TEA:

* Facilitan a comprensión da mensaxe
* Facilitan a expresión
* Centran a atención
* Axudan a estruturar o tempo, o espazo e a planificar

Tan só en Galicia, estímase que viven arredor de 2.000 persoas con TEA que, coma calquera outra persoa, teñen dereito a utilizar as instalacións e servizos públicos en igualdade de condicións. Por este motivo, en Autismo Galicia puxemos en marcha o proxecto de accesibilidade en concellos galegos, co obxectivo de lograr que as persoas con TEA da nosa comunidade poidan gozar de espazos adaptados ás súas necesidades comunicativas e nos que se sintan cómodos e seguros. Ademais de axudar ás persoas con autismo ou con outros problemas de comunicación a desenvolverse de xeito mais autónomo; as adaptacións con pictogramas servirán para dar visibilidade a este colectivo.

# 3.1 COMISIÓN DE ACCESIBILIDADE



## COMISIÓN DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA E TEA DE GALICIA

Este grupo de traballo nace co obxectivo de unificar criterios en materia de accesibilidade universal aplicada ó noso colectivo e realizar propostas de traballo consensuadas que nos permitan alcanzar un alto grao de calidade nos proxectos a desenvolver nesta área. Algunhas delas están detalladas no seguinte cadro.

A comisión está integrada por un equipo multidisciplinar no que están representadas asociacións das catro provincias galegas, concretamente da Asociación ASPANAES, Fundación Menela, Capaces Lugo e TRASCOS.

## TEMAS OBXECTO DE TRABALLO.

* Definición de criterios comúns na utilización dos Sistemas Alternativos de Comunicación.
* Acordo de elaboración dun manual sobre accesibilidade cognitiva que recolla as boas prácticas na materia dende a experiencia de intervención con persoas con TEA.
* Adaptación da sinaléctica de espazos comúnmente utilizados por persoas con TEA en Concellos: acordo sobre Concellos nos que actuar e espazos a propoñer, definición da metodoloxía de traballo.
* Difusión e presentación do proxecto en distintos foros que favorezan a creación de sinerxias e puntos de encontro con outras entidades, colectivos, empresas, etc.

A Federación Autismo Galicia acudiu ó IV Foro sobre a Pobreza, Exclusión Social, Terceiro Sector e Voluntariado organizado por EAPN Galicia onde presentou o Proxecto de Accesibilidade no espazo de Ágora.






# 3.2 ACCESIBILIDADE NA CONTORNA SANITARIA

Ademáis da creación da Comisión de Accesibilidade, continuouse perfeccionando proxectos que xa estaban en funcionamento como a Tarxeta Dobre A e a sinalización mediante pictogramas de entornos sanitarios.

## TARXETA DOBRE A

Medidas de avaliación de resultados: valoración da implementación e uso da Tarxeta Sanitaria Dobre A.




A Federación Autismo Galicia e o SERGAS consideran importante seguir avanzando nas medidas que contribúan a que a Tarxeta Sanitaria Dobre A, cumpra os obxectivos para os que foi creada en beneficio dunha atención de calidade ó paciente con TEA. Para isto acordouse realizar unha valoración conxunta da implementación e uso da tarxeta, contando coas achegas das familias e os profesionais sanitarios.

Esta intervención, baseada nun compromiso pola calidade asistencial, iniciouse, por parte da Federación Autismo Galicia, co deseño dunha enquisa para usuarios/as da tarxeta que nos permitiu coñecer o grao de satisfación dos/as usuarios/as no seu uso, así como os principais obstáculos que puidesen ter atopado.

## HOSPITAIS AMABLES

Novas propostas de mellora: adaptación da sinaléctica de hospitais da rede do SERGAS dende a perspectiva dun estudo integral de necesidades e unha proposta de apoios visuais para sinalizar espazos e para favorecer a comprensión dos mesmos.

Facer da contorna sanitaria e os seus espazos, lugares máis amables e comprensibles para dar un paso máis na asistencia de calidade a pacientes con necesidades específicas de apoio.






# 3.3 ACCESIBILIDADE NA CONTORNA SOCIAL

A Federación leva dende o ano 2013 adaptando espazos públicos utilizando apoios visuais para favorecer o seu uso seguro e autónomo por parte das persoas con TEA, reducindo os seus niveis de ansiedade e mellorando o seu comportamento. O tipo de apoio visual que utilizamos son os pictogramas, habitualmente do portal ARASAAC, xa que se adaptan ao estilo de pensamento visual predominante nas persoas con TEA, ao mesmo tempo que resultan comprensibles para outros colectivos con necesidades especiais e para a poboación en xeral.





Os apoios visuais realizados con pictogramas facilitan a comprensión da mensaxe e a expresión. Centran a atención da persoa, axudan a estruturar o tempo e o espazo e a planificar as accións.

Durante o ano pasado adaptáronse espazos deportivos e sociais en instalacións de:

* Santiago de Compostela
* Lugo
* Ourense

Colocáronse

**1045**

**PICTOGRAMAS**

en 2014

| Concello | Instalación Adaptada | Nº de |
|---|---|---|
| **Santiago de Compostela** | Piscinas de Sar | 114 |
| | Piscinas de Santa Isabel | 103 |
| | Pavillón Fontes do Sar | 11 |
| | Ximnasio Multiusos | 89 |
| | Consellería de Servizos Sociais | 63 |
| | CABES | 77 |
| | Pavillóns Municipais | 248 |
| **Ourense** | Pavillón dos Remedios | 168 |
| **Lugo** | Piscina de FRIGSA | 92 |
| | Piscina de As Pedreiras | 80 |



# 4. PROGRAMAS ESPECÍFICOS: FORMACIÓN E EMPREGO



As persoas adultas con TEA, como membros activos da sociedade na que viven, teñen dereito ó emprego, un medio para acadar un maior nivel de autonomía e independencia económica, unha plena inclusión social, o desenvolvemento e realización persoais e, en definitiva, unha mellor calidade de vida. Non obstante, as posibilidades que dende o mundo laboral se ofertan ás persoas con TEA son moi escasas, polo que debemos traballar xunto con empresas e Administracións Públicas para poder levar este dereito á práctica.

Dende Autismo Galicia brindamos **apoio e asesoramento** e desenvolvemos proxectos de **formación para o emprego** e **emprego con apoio** na busca da excelencia e da mellor fórmula para a inclusión sociolaboral do colectivo. Así mesmo, traballa coas empresas para difundir os beneficios da inclusión laboral das persoas con TEA e asesoralas na contratación.

Os profesionais especializados do Servizo de Emprego de Autismo Galicia están abertos a todas aquelas persoas con Trastornos do Espectro do Autismo que desexen incorporarse ao mundo laboral pero precisen de apoio para lograalo.




## EMPREGO CON APOIO

Diversas experiencias permítennos afirmar que o emprego con apoio é a forma idónea de levar este dereito do traballo á realidade e lograr a integración sociolaboral das persoas adultas con TEA. Estas posúen habilidades que lles permiten realizar traballos eficientes e competitivos en empresas ordinarias sempre que se lles presten os apoios necesarios.

No emprego con apoio, a figura clave para o éxito é o preparador laboral, un profesional que busca o posto de traballo adecuado, adáptao ás capacidades de quen o vai desempeñar, acompaña e axuda á persoa con TEA. Segundo o traballador vai acadando maior autonomía, o preparador laboral vai retirando gradualmente os apoios ata que a persoa pode desenvolverse por si mesma.

# 4.1 PROGRAMA DE FORMACIÓN

A diversidade e complexidade dos Trastornos do Espectro do Autismo fan que a formación sexa crucial tanto para as persoas afectadas como para as familias, docentes, terapeutas, persoal sanitario ou calquera outro profesional que traballa con estas persoas . Por iso a Federación realiza cursos formativos anualmente para cubrir a demanda do colectivo.

### COLABORACIÓN NA XORNADA DO 35 ANIVERSARIO ASPANAES: RELATORIO : O USO SOCIAL DA LINGUAXE "A PRAGMÁTICA DA LINGUAXE EN NENOS/AS CON TEA, ASPECTOS PRIMARIOS E SECUNDARIOS"

Obxectivo: Formar a profesionais e familias en técnicas de mellora e intervención precoz na saúde do paciente con autismo.

Impartiu: Marc Monfort

Lugar: Palexco

Data: 18 de outubro

Nº Horas: 8

Destinatarios: Familias, profesionais de asociacións federadas, estudantes e profesionais do sector social e sanitario

Asistentes: Subvención a 38 participantes na xornada




### APOIOS VISUAIS COMO FERRAMENTA DE INTERVENCIÓN NOS TEA

Obxectivo: Que os participantes no curso aprendan como intervir e axudar ás persoas con Trastorno do Espectro do Autismo en diversos contextos empregando diferentes tipos de apoios visuais

Impartiu: Marlene Horna

Lugar: Federación Autismo Galicia

Data: 6 e 9 de maio

Nº de Horas: 7

Destinatarios: Profesionais de asociacións federadas e da rama social e sanitaria

Asistentes: 17

### SISTEMAS ALTERNATIVOS DE COMUNICACIÓN

Obxectivo: Que os participantes no curso aprendan a elaborar materiais accesibles que melloren a comunicación coas persoas con TEA.

Impartiu:Asociación ASPANAES, Verónica Antúnez- Mestra de Audición e Linguaxe, Ana Nieves- Logopeda, Juan Ramón Vidal Gorosquieta- Psicólogo

Lugar: Federación Autismo Galicia

Data: 28 e 29 de abril

Nº de Horas: 7

Destinatarios: Profesionais de asociacións federadas e da rama social e sanitaria

Asistentes: 17

# 4.1 PROGRAMA DE FORMACIÓN

## CURSO AFD PREPARADOR LABORAL ESPECIALISTA EN PERSOAS CON TEA E OUTRAS DISCAPACIDADES

Obxectivo: Adquirir as destrezas, habilidades e coñecementos necesarios para o deseño, implementación , avaliación e seguimento de programas de emprego con apoio para persoas con TEA e outras discapacidades

Impartiu: Marlene Horna Castiñeiras, Julia Salgado Costas, María José Vaamonde Miraz

Lugar: Federación Autismo Galicia

Data: Do 17 de outubro ao 9 de decembro

Nº Horas: 218

Destinatarios: Desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego

Asistentes: 14



## PROBLEMAS DE PROCESAMENTO SENSORIAL ASOCIADOS Ó TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO

Obxectivo: Ofrecer unha visión xeral do enfoque da integración sensorial de Jane Ayres, así como dos problemas de procesamento sensorial na poboación con TEA

Impartiu:Pilar Blázquez Ballesteros

Lugar: Edificio CAMI, Vigo

Data: 25 de outubro

Nº de Horas: 10

Destinatarios: Profesionais da rama social e sanitaria

Asistentes: 35



# 4.2. PROGRAMA DE EMPREGO

Dende Autismo Galicia brindamos **apoio e asesoramento** e desenvolvemos proxectos de **formación para o emprego** e **emprego con apoio** na busca da excelencia e da mellor fórmula para a inclusión socio laboral do colectivo. Así mesmo, traballamos coas empresas para difundir os beneficios da inclusión laboral das persoas con TEA e asesoralas na súa contratación.

O obxectivo deste Programa é ofrecer formación prelaboral ás persoas con TEA para favorecer a súa inclusión e desempeño profesional



**Embalajes Armando**

Convenio de colaboración coa empresa Embalajes Armando para a fabricación das tapas das caixas para o marisco.

Autismo Galicia, Fundación Menela e a empresa "Embalajes Armado" renovan o seu acordo grazas ó cal 16 usuarios da Fundación Menela realizan prácticas formativas de emprego con apoio na fabricación de tapas de caixas para o marisco. Dita formación práctica vai acompañada de formación prelaboral sobre hixiene e imaxe persoal, autonomía persoal, habilidades sociais e laborais.

Ademáis, en colaboración con Autismo Galicia, Fundación Menela mantén o acordo coa Empresa Frutas Nieves, para comercializar nas súas tendas as marmeladas artesás elaboradas por usuarios do Centro Castro Navás.



# 4.2. PROGRAMA DE EMPREGO

O obxectivo é mellorar a empregabilidade das persoas con TEA, aplicando a metodoloxía de emprego con apoio á empresa que contrata a un traballador con TEA. Como se logrou?

- Campañas informativas dirixidas ó empresario e a outros axentes sociais sobre as capacidades laborais das persoas con TEA, os recursos dispoñibles para facilitar a súa adaptación ó posto de traballo e apoio á empresa que contrata a un traballador con TEA
- Prospección empresarial co fin de captar ofertas de traballo para o noso colectivo, así como buscar recursos que apoien e fomenten a inclusión laboral das persoas con TEA
- Accións de información e orientación laboral dirixida ás persoas con TEA: entrevistas individualizadas, deseño de currículo vitae e perfil profesional. Itinerarios personalizados de inserción
- Adaptación e entrenamento no posto de traballo




*1 usuario asociación APACAF. Ano 2014*

## Limpezas Castedo

Chegouse a un acordó con Limpezas Castedo para o emprego dunha persoa con TEA nas tarefas de limpeza dun centro escolar

Esta contratación foi froito dun acordo logrado entre o Servizo de Emprego da Federación Autismo Galicia, a Asociación APACAF e a empresa Limpezas Castedo para favorecer a inclusión sociolaboral das persoas con Trastornos do Espectro do Autismo

# 5. PROGRAMAS ESPECÍFICOS: COMUNICACIÓN




Cando se fala dos Trastornos do Espectro do Autismo, é imprescindible falar da importancia da información á sociedade por varios motivos. Trátase duns trastornos cada vez máis comúns, asociados en moitas ocasións a información negativa ou irreal e na que a detección temperá xoga un papel crucial para o desenvolvemento da persoa. Por iso, é necesario informar e concienciar á sociedade para que saiba o que é o autismo e cales son as súas características principais.

Preténdese que o público obxectivo das publicacións conte con información veraz, contrastada e eficaz sobre as actividades e temáticas que abranguen ós TEA e outras discapacidades. Que a entidade estea presente nos foros de representación do Terceiro Sector que traballen polo desenvolvemento de políticas sociais que afecten ós beneficiarios das accións da Federación e entidades asociadas.

Finalmente, tratarase que os públicos de interese para o colectivo teñan ferramentas de coñecemento sobre a realidade do colectivo na Comunidade Autónoma.

# 5.1 PUBLICACIÓNS

A Federación edita anualmente publicacións de carácter informativo e de investigación como parte do seu proxecto de sensibilización e divulgación. A máis importante é "Maremagnum", a única publicación galega especializada sobre os Trastornos do Espectro do Autismo que leva editando a Federación dende hai 18 anos e cuxo obxectivo é mostrar as últimas investigacións e novidades sobre os TEA.




**EXEMPLARES**

**Tirada de 500**

**Distribuidos 300**

A Federación AUTISMO GALICIA acomete, dende hai 18 anos a edición e publicación de **MAREMAGNUM**, publicación galega sobre os Trastornos do Espectro do Autismo.

Os contidos de MAREMAGNUM, responden ás necesidades avaliadas polo Consello de Redacción da publicación que está altamente especializado na intervención e tratamento dos TEA, dado que son profesionais de atención directa, na maioría dos casos, con experiencia nas distintas etapas vitais da persoa, dende a diagnose ata a vida adulta, o que lle ofrece unha visión ampla do colectivo que lle permite unha axeitada e interesante, para os públicos diana, selección dos contidos da revista.

Por outro lado a evolución da publicación é importante dende o seu inicio, pasando de ser unha revista destinada exclusivamente a familias, con novas sobre ás asociacións e outros temas, ata ter un carácter eminentemente científico e formativo que inclúe artigos de persoeiros especializados tanto nos TEA como na discapacidade en xeral, enriquecido, nos últimos anos, coas achegas literarias de persoeiros da cultura galega principalmente, pero tamén nacionais e internacionais. Isto fai de MAREMAGNUM, unha publicación de referencia para o sector da discapacidade e un produto altamente cualificado e aceptado.

A publicación estivo na **4ª CONFERENCIA SOBRE CALIDAD DE REVISTAS DE CIENCIAS SOCIALES Y HUMANIDADES**






En canto ó seu formato dixital, no seguinte gráfico de seguimento da web, pódese observar un progresivo aumento nos lectores de Maremagnum, especialmente no que se refire ao número XVII, despois de mellorar o sistema de descargas por artigos. O número XVIII, tan só dous meses despois da súa publicación, acumula xa case 1.300 visualizacións.

# 5.1 PUBLICACIÓNS

O obxectivo destas publicacións é que a poboación diana conte con información veraz, contrastada e eficaz sobre as actividades e temáticas que abranguen ós TEA e outras discapacidades.




A Federación publica unha **revista para as familias** das entidades asociadas. Na publicación recompílanse as principais actividades desenvolvidas pola Federación e as súas entidades durante o ano para que as familias coñezan en detalle o seu traballo, así como outras novas relacionadas cos TEA que lles poidan resultar interesantes.

A tirada da revista é de **700** exemplares.



VOLUNTARIADO E INICIATIVAS

Cronodroid: unha aplicación para visualizar o tempo

Que vou facer agora? Durante canto tempo? Cando remataremos? CronoDroid axuda a responder a algunhas destas preguntas de xeito sinxelo e visual. É unha aplicación Android deseñada especificamente para persoas con autismo que permite medir o tempo de forma visual.

Prográmase o tempo de duración da actividade, púlsase o botón Play e o tempo que pasa pódese ver na pantalla en forma de círculo. Desta maneira, vemos claramente o tempo transcorrido e o tempo que falta ata completar a actividade que estamos a realizar. A forma de deter a conta atrás é axitar o teléfono ou tablet tres veces, deste xeito, evítase que o neno poida parar o tempo tocando a pantalla.

Pódese descargar gratuitamente na

O estudo galego sobre as causas xenéticas do autismo continúa vento en popa

A investigación que leva a cabo a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, coa colaboración do SERGAS e da Fundación María José Jove, continúa o seu percorrido para tratar de coñecer mellor os xenes implicados na aparición dos TEA.

Este estudo, no que participan familias usuarias de ASPANAES e Fundación Menela, continúa polo de agora reunindo mostras de familias e non descarta abrirse a mais asociacións, xa que a resposta das familias está a ser moi positiva. Por outra banda, segundo nos comenta Lorena Gómez, Directora Clínica do proxecto, están a realizar as consultas de consello xenético e valoracións clínicas nos casos nos que o análise xenético resultou positivo, é dicir, os casos nos que se sabe que existe unha causa xenética para o trastorno.

Aínda que teremos que esperar anos para poder ver os resultados achados deste proxecto nunha aplicación clínica, agárdase que poidan axudar no diagnóstico e tamén no tratamento das persoas con autismo.

A Asociación Navarra de Autismo publica unha guía para urxencias pediátricas

A Asociación Navarra de Autismo ven de realizar unha guía práctica para acudir con nenos con autismo ás urxencias pediátricas. Esta guía, que ten formato de conto, explica os procedementos médicos mais comúns que se realizan en urxencias a través de fotografías e pictogramas co obxectivo de adiantarlle o que vai ocorrer. Deste xeito, redúcese a súa

Revista de Familias



1.2.2. Barreiras na comunicación, a quen afectan?

O caso de persoas que presentan graves problemas na comunicación, este proceso cotián pode converterse nunha barreira que pode ocasionar o illamento do individuo, a perda da autonomía persoal e a dependencia doutras persoas para a realización de calquera tarefa.

A maior parte das dificultades cognitivas que presentan as persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento relaciónanse coas dificultades que teñen para comprender o entorno que os rodea. Débense intentar levar a cabo procesos de apoio á comprensión dos entornos cos avances da regulación e as prácticas reais. A comprensión facilitada dos entornos onde as persoas viven, conviven e realizan certas actividades benefician non só as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, senón tamén a persoas maiores que teñen déficits cognitivos e de comprensión e que lles poden levar a non comprender os entornos que non lles son familiares; ou os estranxeiros que descoñecen o idioma do lugar onde se atopan.

Comprendo o meu entorno 13

Manual de Accesibilidade




Publicación de "Comprendo o meu entorno", un **manual de accesibilidade cognitiva** no que se recollen unha serie de propostas para mellorar a contorna para as persoas con TEA mediante a utilización de Sistemas Alternativos de Comunicación e outros apoios visuais.

Recolle os aspectos relacionados coa accesibilidade cognitiva para describir cales son as necesidades que neste tema presentan as persoas con autismo, de onde derivan e propoñer solucións eficaces. Ten unha tirada de:

**500** exemplares en galego e **500** en castelán

# 5.2 REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL



35 Aniversario de ASPANAES


Asamblea de EAPN Galicia



Foro de EAPN Galicia

## REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL

Durante o ano 2014 a Federación Autismo Galicia tratou de fomentar ó máximo a súa presenza de xeito activo, nos distintos foros de representación institucional da discapacidade, exclusión social, e específicos dos TEA: CERMI GALICIA, EAPN GALICIA, Asociación Autismo Europa, Confederación Autismo España.

Ademais de reforzar vínculos, participar en reunións de traballo, conferencias, xornadas, etc, promovéronse e avanzouse en propostas de converxencia asociativa impulsando a mesma, tanto a nivel interno coma externo . Esta actividade segue consolidando á Federación Autismo Galicia como representante da especificidade do colectivo de persoas afectadas polos Trastornos do Espectro do Autismo afianzándose ademais fortes alianzas entre as entidades asociadas.

Xunto con estas colaboracións con entidades do Terceiro Sector, a Federación Autismo Galicia, a través dos seus representantes, mantén unha actividade de representación institucional ante as Administracións Públicas, Universidades, e calquera outro organismo de interese para o colectivo.

A representación institucional exércese pola Xunta Directiva da Federación, os responsables de áreas e polas asociacións e entidades federadas.


Presentación da exposición Mail Art de ASPANAES


30 Aniversario do Valedor do Pobo


Presentación dos cupóns ONCE da X Solidaria

# 5.2.1 REPRESENTACIÓN ANTE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

O obxectivo é que a entidade estea presente nos foros de representación do Terceiro Sector que traballen polo desenvolvemento de políticas sociais que afecten ós/ás beneficiarios/as das accións da Federación e entidades asociadas. Federación Autismo Galicia, a través dos seus representantes mantén unha actividade de representación institucional ante as Administracións Públicas, para a defensa e avance nas iniciativas de interese para o colectivo.

Realizáronse reunións na **Consellería de Traballo e Benestar** con:

- Secretaría Xeral de Política Social con Coro Piñeiro na cal tratáronse temas relativos ó mantemento da entidade e das asociacións federadas, á representación do colectivo e servizos das entidades.
- Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e de Atención Diurna con María del Carmen Calviño: traballouse na proposta da Carteira de Servizos Sociais para a Promoción da Autonomía Persoal e a Atención ás persoas en situación de Dependencia.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Realizáronse reunións co **SERGAS** con:

